

COMISIÓN CENTRAL DE SEGUIMIENTO DO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL DO 25 DE XANEIRO DE 2022

- **Previsións de publicación das listas do 1º trimestre de 2022.**

BLOQUE PUBLICACIÓN	CATEGORÍAS	LISTAS PROVISIONAIS	LISTAS DEFINITIVAS
1	Enfermeiro/a	15/12/2021	27/01/2022
	Enfermeiro/a do 061		
	TCAE		
2	Facultativos/as especialistas	31/01/2022	1ª quincena marzo
	Médico/a de admisión e documentación clínica		
	Médico/a de HADO		
3	Enfermeira/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria	1ª quincena febreiro	2ª quincena marzo
	Enfermeira/a especialista en enfermaría pediátrica		
	Enfermeira/o especialista en enfermaría do traballo		
	Matrón/a		
	Enfermeira/o especialista en saúde mental		
	Médico/a de familia		
	Médico/a de urxencias hospitalarias		
	Médico/a asistencial do 061		
	Médico/a coordinador do 061		
	Pediatra de atención primaria		
4	Celador/a	2ª quincena febreiro	2ª quincena abril
	Celador/a QDI		
	Cociñeiro/a		
	Auxiliar administrativo/a		
	PSX		
	Pinche		
	Técnico/a en farmacia		
	Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía		
	Técnico/a superior en dietética		
	Técnico/a superior en documentación sanitaria		
	Técnico/a superior en hixiene bucodental		
	Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico		
	Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico		
	Técnico/a superior en radioterapia		

- **Chamamento das persoas aspirantes da categoría de Facultativo/a especialista de atención primaria.**

O SERGAS informa de que van elaborar listas de selección temporal da nova categoría de Facultativo/a especialista en atención primaria, que serán compatibles coas listas de médico/a de familia e licenciado/a sanitario/a.

Durante o tempo que se tarde en elaborarse faranse as coberturas para esta categoría a través das listas de médico/a de familia, sendo os contratos de aceptación voluntaria.

CIG-SAÚDEinforma

Na próxima Mesa sectorial vaise tratar o tema do concurso de méritos para o acceso como persoal fixo a esta nova categoría. Unha vez que se aprobe o baremo deste concurso, abrirán o prazo de inscrición para as listas de selección temporal, e ese será o baremo que se aplique.

CIG-Saúde estivemos en contra da creación destas listas de selección temporal para esta nova categoría. Se é unha categoría cunha vixencia provisional, pedimos que se contrate a través da lista de médico/a de familia con aceptación voluntaria.

CIG-Saúde preguntamos se as novas vacantes vanse cubrir pola lista de médico/a de familia ou pola nova categoría. Non contestaron, derivan directamente a que se pregunte na mesa sectorial. Denunciamos que isto vai provocar que a través da lista de médico/a de familia só se cubran os contratos eventuais, facendo que co tempo se volva residual esta categoría.

Aprobouse co voto en contra de **CIG-Saúde**.

- **Rogos e preguntas.**

- **CIG-Saúde** solicitamos que as persoas incluídas na quenda Libre nunha categoría, que é persoal fixo noutra categoría, que mentres non se inclúa nas listas de Promoción interna, que poida renunciar sen penalización aos contratos inferiores a 2 meses.
- **CIG-Saúde** denunciemos o que está acontecendo na área de Lugo onde están penalizando por recibir 10 chamadas nun mesmo día, sen ter nin sequera en consideración que a persoa estea na súa quenda de traballo.
- **CIG-Saúde** denunciemos o que está acontecendo coas aspirantes embarazadas en Santiago, posto que non lles están ofrecendo os contratos que lles corresponden. Solicitamos que se envíe un recordatorio ás xerencias de que teñen que ofertarlles todos os contratos que lles correspondan, e despois adaptarlles o posto.